DEFENSA DO COMÚN

NOTA DE PRENSA

A AUDIENCIA DA CORUÑA DESESTIMA O RECURSO DE APELACIÓN SOBRE AS OBRAS EN A SOLANA CUNHA ARGUMENTACIÓN SORPRENDENTE

Defensa do Común vén dando a batalla en defensa da visibilidade do mar desde o Paseo do Parrote, que tamén é parte do noso patrimonio, amparándonos na propia Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, que no artigo 91 sinala: **"As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas. As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deban harmonizar con el. Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto".**

É evidente que as obras en A Solana, como denunciamos repetidamente, afectan gravemente á visibilidade do mar desde O Parrote. Todos os medios de comunicación teñen publicado fotografías que demostran que, desde algúns puntos, a visibilidade do mar é nula. Presentamos ante a Audiencia esta evidencia e a resolución fala da "versión ofrecida por el denunciante", como se houbese outras versións.

As fotografías aportadas pola empresa para conseguir a licenza, e recollidas no expediente, están convenientemente manipuladas e tomadas desde unha altura superior a 3 metros que, de momento, non alcanza ningunha persoa. Estes feitos poderían integrar un delito de falsidade documental. Pois ben, a sentenza sinala que "la fotografía no podría decirse manipulada, falsificada, si no, acaso, utilizada de forma engañosa. Esto es, se trataría de una fotografía real aunque obtenida desde una particular cota. De manera que de falsedad, en si, no puede hablarse, pues no se manipuló en un sentido legal y en forma alguna el documento aportado". Sorprendente razonamento!

Tanto o concello da Coruña como Patrimonio da Xunta tiveron cumprida comunicación por parte de Defensa do Común desta perda de visibilidade e do incumprimento da lei, tanto do PXOM de 2013, do PEPRI de 2015, como da Lei do Solo de Galicia, pero non fixeron nada para impedir esta agresión. Sobre a prevaricación pola falta de actuación das administración, sinala a sentenza: "Pero, ¿quién?. ¿La Xunta, el Concello, Patrimonio, sus técnicos, los responsables, todos, algunos?. Puede protestarse una actuación que se entiende irregular, pero el proceso penal justifica su incoación sólo cuando existe la apariencia de la comisión de delito concreto".

Aínda queda a resposta, teñen de prazo até setembro, por parte do concello da Coruña á petición de Defensa do Común da revisión da licencia concedida para as obras no Complexo Deportivo A Solana, presentada en novembro de 2019.

Por outra parte, en defensa do noso patrimonio e da lexislación vixente, **poñeremos estes feitos en coñecemento da Valedora do Pobo de Galicia e dos organismos correspondentes da Unión Europea.**

Para completar esta información, adxuntamos o texto íntegro da desestimación do recurso de apelación.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un cordial saúdo.

A Coruña, 22 de xuño de 2020

Asdo. Ricardo Vales, responsábel de Comunicación de Defensa do Común.